

CIRCULAR DE ADMISIÓN DE ALUMNADO ESO E BACHARELATO CURSO 2021-2022

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dende o día 1 ao 22 de marzo (ambos inclusive)

Horario de recollida de documentación: de 9 a 13 horas

Datas previstas: do 1/03 ao 5/03 (alumnado de 1º curso da ESO)

Do 8/03 ao 12/03 (alumnado de 1º curso de bacharelato)

Do 15/03 ao 22/03 (alumnado dos restantes cursos da ESO e de Bacharelato ou que non puidese vir no día que lle corresponda)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS DE ADMISIÓN

Por mor da situación sanitaria, recollerase a solicitude de admisión xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados para a aplicación do baremo.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As familias poderán descargar e cumprimentar a solicitude da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, ou da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na aplicación admisionalumnado no seguinte enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/portal/admisionalumnado>.

Tamén, poderá presentar as unhas **única** solicitude (Anexo II procedemento ED550B) na **secretaría do centro indicado como primeira opción**, na que poderán relacionar **outros CINCO centros** por orde de preferencia ou na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude será **ÚNICA** e poderase presentar de forma electrónica a través da aplicación **admisionalumnado** ou **ben** de forma presencial no centro educativo que a rexistrará.

DOCUMENTOS A PRESENTAR

1. **Impreso de solicitude de admisión** (modelo ED550B Anexo II e anexo II Bis) que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (**asinado polo pai e pola nai**) **Nota: O apartado do anexo II debe traer marcado os criterios que queren que lle baremen.**
2. Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar cando no formulario denegue a súa consulta (**tense en conta os membros da unidade familiar ao día 28 de febreiro de 2021**)
3. Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a
Orixinal e Copia do DNI do alumno/a ou do libro de familia onde conste inscrito/a o/a alumno/a ou calquera outro documento oficial que acredite a identidade (orixinal e copia)
4. **Certificado de matrícula** expedido polo centro onde estea cursando estudos o/a interesado/a
5. **Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso (orixinal e copia)**
6. **Certificado de padrón da unidade familiar**
7. **Declaración IRPF 2019 ou certificado de ingresos facilitado pola AEAT**

AVISO: Recoméndase traer as copias da documentación xa feitas xunto cos orixinais. No caso de non traer as copias feitas, as familias dirixiranse a Conserxería para facer as ditas copias antes de entregar toda a documentación na Secretaría.

RESOLUCIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E NON ADMITIDOS/AS

As listaxes **provisionais** de alumnado admitido e non admitido publicaranse no taboleiro de anuncios do centro antes do **25 de abril** e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

As listaxes **definitivas** de alumnado admitido e non admitido publicaranse no taboleiro do centro antes do **15 de maio**, e poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

PRAZO ORDINARIO para ESO e BACHARELATO: do 25 de xuño ao 10 de xullo (Concretaranse as datas concretas para cada curso no taboleiro e na web do centro)

PRAZO EXTRAORDINARIO para ESO e BACHARELATO: do 1 ao 10 de setembro (Concretaranse as datas concretas para cada curso no taboleiro e na web do centro)

O calendario para a matrícula, especificado por cursos e niveis, será publicado nos taboleiros de anuncios do centro. Se finalizado o prazo, o alumnado non formalizou a matrícula, decaerá no dereito á praza obtida.